

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Orde do 21 de marzo de 2005 pola que se regula a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán.

A Lei do Parlamento de Galicia 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais, procedeu a coordinar as policía locais de Galicia nos termos establecidos no artigo 39 da Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade do Estado.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas; entre estas está a de seguridade en lugares públicos.

Conforme o Decreto 226/2003, do 11 de abril, modificado polo Decreto 16/2004, do 15 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, correspóndelle á Dirección Xeral de Administración Local desta consellería as relacións coas corporacións locais, así como a convocatoria, selección e adxudicación das subvencións e axudas que se destinan ás entidades locais que sexan competencia desa dirección xeral.

Por medio desta orde preténdese dar cumprimento ao mandato xenérico de coordinación establecido na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de corpos e forzas de seguridade, polo que, ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación de policía locais de Galicia, e o Decreto 204/2000, do 21 de xullo, polo que se refunde a normativa vixente en materia de coordinación de policía locais, en canto a coordinación abrangue entre outras medidas as de colaboración que lles permitan aos servizos de policía dos concellos galegos acadar unha acción conxunta e eficaz, regulándose por medio desta orde o procedemento para a concesión de axudas destinadas aos concellos que incrementen considerablemente a súa poboación turística na tempada de verán para a contratación temporal de auxiliares de policía local nese período. Neste sentido incorpórase como requisito dos concellos beneficiarios a acreditación de incremento poboacional durante esta tempada, tal e como se vén exixindo para a declaración de municipio turístico galego polo Decreto 239/1998, do 30 de xullo.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local contribuirá cos concellos, co fin de

aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local, no desenvolvemento das funcións que lles son propias durante a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro), convocando axudas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a sufragar os custos de contratación temporal de auxiliares de policía local.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán solicitar os beneficios desta orde aqueles concellos que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Que contén con corpo de policía local.

b) Concellos que vexan aumentada de forma significativa a súa poboación durante os meses de verán, e que faga necesario aumentar o número de policía para prestaren os servizos que veñen desenvolvendo o resto do ano.

2. O número de contratos temporais que subvencionará a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local non poderá superar o número de membros que integran o cadro de persoal do corpo de policía local do concello petionario.

3. Corresponderalle ao concello petionario o pagamento do 25% do importe total do contrato formalizado co/s auxiliar/es de policía local, sendo por conta da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local o pagamento do 75%, incluídos custos sociais.

Artigo 3º.-Crédito.

Para a consecución deste obxectivo a que se refire a orde, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local destinará ata un límite de douscentos trinta e oito mil euros (238.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 13.04.123.A.460.0, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005.

Artigo 4º.-Iniciación.

1. No prazo de corenta días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, os concellos que reúnan os requisitos a que se refire o artigo 2º desta orde e que desexen acollerse aos seus beneficios, deberán presentar a solicitude que figura como anexo I no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, no das delegacións provinciais desta consellería, ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Igualmente, os concellos interesados e que teñan asinado o correspondente convenio de colaboración para a implantación do portal dos concellos Eido

Local, poderán presentar as súas solicitudes a través de medios telemáticos, mediante a formalización dos modelos normalizados que se poñen á disposición dos interesados no portal dos concellos Eido Local (<http://eidolocal.es>), segundo procedemento que se recolle nas instrucións dispoñibles nesta web e no mesmo prazo que o estipulado para a tramitación ordinaria.

Así mesmo, e de acordo co artigo 5 do Decreto 200/2003, de creación do rexistro telemático da Xunta de Galicia, os modelos normalizados para a presentación de solicitudes por vía telemática estarán igualmente dispoñibles no enderezo <http://xunta.es/servicios>, de xeito que todos os interesados poderán presentar, igualmente, as súas solicitudes vía internet a través desta web, aínda que o resto da tramitación transcorrerá pola vía ordinaria.

2. Xunto coa solicitude, tanto se esta se remite por vía ordinaria como telematicamente, presentarse a seguinte documentación:

a) Certificación expedida polo secretario xeral da corporación relativa ao acordo adoptado polo órgano competente do concello, polo que se acorda a contratación temporal do/s auxiliar/es de policía local, e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

b) Certificación expedida polo secretario xeral do concello solicitante, que acredite a constitución do corpo de policía local, conforme determina a lexislación vixente.

c) Orzamento de gastos para a realización da actividade para a que se solicita axuda, cuantificando o importe correspondente ao 75% solicitado en concepto de subvención, así como o custo total por auxiliar contratado.

d) Memoria sobre o cadro de persoal do corpo de policía local, actualizado na data de publicación desta orde, que inclúa as previsións de crecemento, as prazas vacantes existentes e a súa forma de cobertura.

e) Número de auxiliares que a corporación preveja contratar e período de contratación (meses).

f) Respecto á poboación deberán remitir:

-Certificación do secretario xeral do concello, co visto e prace do alcalde, na cal se faga constar a poboación de dereito en 31 de decembro de 2004, segundo os datos do último padrón de habitantes do concello.

-Memoria asinada polo órgano de goberno competente na cal se cuantifique a afluencia turística anual ao concello, desagregada por meses, e na cal

se describirán os criterios utilizados para efectuar esa cuantificación.

Estarán exentos de presentar as certificacións requiridas nesta letra f) aqueles concellos que fosen declarados municipio turístico galego conforme o Decreto 239/1998, do 30 de xuño, polo que se regula a declaración de municipio turístico galego.

g) Memoria, asinada polo órgano do goberno competente, sobre o número de habitantes e núcleos de poboación atendidos.

h) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia) (anexo II desta orde).

Se algunha documentación das solicitadas neste artigo xa constase en poder da Dirección Xeral de Administración Local desta consellería, e non se producise desde o momento en que foron presentadas variación que afectase o seu contido ou a súa vixencia, non será necesario presentalas novamente, sen prexuízo de que esta dirección xeral reclame do solicitante a documentación que, se é o caso, coide oportuna.

3. Os defectos nas solicitudes seranlles notificados aos concellos interesados pola Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, concedéndoselles un prazo de dez días para emendaren erros ou omisións. Transcorrido o devandito prazo, se non se producise esta emenda, as peticións serán arquivadas conforme o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A notificación aos interesados poderá practicarse, así mesmo, por medios telemáticos, a través do portal dos concellos Eido Local, cando aqueles así o manifestasen expresamente, indicando o medio telemático como preferente para a recepción de notificacións na súa solicitude.

Cando, existindo constancia da recepción da notificación por vía telemática, transcorresen dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada, cos efectos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unicamente cando concorran causas técnicas xustificadas, o interesado poderá requirir da Dirección Xeral de Administración Local que as notificacións sucesivas non se practiquen por medios telemáticos,

segundo o artigo 12.4º do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado.

Artigo 5º.-Criterios de avaliación.

Na avaliación das solicitudes ponderaranse os seguintes aspectos de acordo coas seguintes porcentaxes:

a) Relación de necesidades municipais reflectidas na petición (20%).

b) Recursos humanos con que conta o corpo de policía do concello solicitante (cadro de persoal real de postos de traballo cubertos e vacantes, así como, se é o caso, posibles previsións de aumento) (10%).

c) Crecemento poboacional do concello nos meses de verán debido á súa afluencia turística (30%).

d) Declaración de municipio turístico (15%).

e) Número de habitantes e núcleos de poboación atendidos (25%).

Artigo 6º.-Instrución e resolución.

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas por unha comisión de valoración presidida polo director xeral de Administración Local e da cal formarán parte o subdirector xeral de Xestión, Cooperación e Réxime Xurídico e os xefes de servizo de Xestión e Cooperación Económica, e de Cooperación coas Entidades Locais da Dirección Xeral de Administración Local. Actuará como secretario un funcionario da Dirección Xeral de Administración Local con nivel mínimo de xefe de sección. Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada, elevarase proposta de resolución ao conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, quen resolverá.

Artigo 7º.-Notificación.

1. A resolución da consellería seralles notificada aos solicitantes aos cales se lles conceda a axuda económica, na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. De non notificarse resolución favorable no prazo de tres meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, entenderase desestimada a petición correspondente por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, a notificación da resolución da consellería poderá realizarse telematicamente a través

do portal dos concellos Eido Local, sempre que os concellos interesados teñan sinalado na súa solitude a opción telemática como medio de notificación.

2. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Artigo 8º.-Aceptación.

1. O alcalde do concello beneficiario disporá dun prazo de quince días hábiles, contados a partir da recepción da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.

A aceptación poderá realizarse por vía telemática, cando os interesados así o manifestasen expresamente, a través do portal dos concellos Eido Local, segundo procedemento que se recolle nas instrucións dispoñibles nesta web, e no mesmo prazo que o estipulado para a tramitación ordinaria.

2. Transcorrido este prazo sen que se comunique a devandita aceptación, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local poderá anular a concesión da subvención.

Artigo 9º.-Libramento de fondos.

1. Os beneficiarios da subvención, unha vez concedida esta, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Dirección Xeral de Administración Local poderá comprobar, cando o considere conveniente, o cumprimento dos contratos subvencionados.

2. A xustificación poderá levarse a cabo de dous modos, segundo o tipo de tramitación polo que se opte, ordinario ou telemático:

2.1. Procedemento ordinario:

Para recibir a subvención, os concellos seleccionados deberán remitir, por triplicado, á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, antes do día 20 de outubro de 2005, os seguintes xustificantes:

a) Copia compulsada do contrato que o concello formalice co/os auxiliar/es.

b) Copia compulsada do diploma acreditativo de ter superado o curso básico para auxiliares de poli-

cía local, expedido polo Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública.

c) Certificación do pagamento das retribucións especificadas no contrato sinalado, incluídos os gastos de Seguridade Social, conformada polo interventor do concello.

d) No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do último pagamento, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades (Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia) (anexo II desta orde).

2.2. Procedemento telemático:

As xustificacións poderán ser remitidas, no mesmo prazo que o estipulado para a tramitación ordinaria, por vía telemática a través do portal dos concellos Eido Local, mediante envío das correspondentes certificacións do secretario-interventor ou do secretario e interventor, nas cales se acrediten: primeiro, os datos referidos ao contrato formalizado entre o concello e os auxiliares; segundo, que estes últimos teñen superado o curso básico para auxiliares da policía local expedido polo Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública; e terceiro, o pagamento das retribucións especificadas no contrato sinalado, incluídos os gastos de Seguridade Social.

Así mesmo, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, segundo modelo normalizado dispoñible no portal dos concellos Eido Local.

3. A Dirección Xeral de Administración Local, de atopar conformes os xustificantes, proporá o libramento dos fondos, que en ningún caso superará o 75% do importe dos xustificantes presentados.

4. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

5. As cantidades que resultasen sobrantas por causa de renuncia expresa ou non-presentación das xustificacións correspondentes por parte dos con-

cellos beneficiarios, poderán dedicarse a subvencionar outros concellos que presentaron, en prazo, solicitude de subvención ao abeiro desta orde.

6. Transcorrido o prazo establecido no parágrafo 2º sen ter presentadas as correspondentes xustificacións, poderase anular a concesión da subvención a ese concello, podendo esta consellería utilizar o devandito crédito en beneficio doutros posibles beneficiarios.

Artigo 10º.-Modificación das resolucións de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, tal e como se establece no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 11º.-Incumprimento de obrigas.

No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local anulará os beneficios concedidos, e conforme o disposto no artigo 78.5º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento que establece o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; e, se procede, instruírá expediente sancionador conforme o previsto no citado decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde haberá que aterse ao disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2005.

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROCEDIMIENTO <i>AXUDAS ECONÓMICAS AOS CONCELLOS DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN</i>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <i>XI210G</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
--	--	---------------------------------------

DATOS DO CONCELLO

CONCELLO		
ENDEREZO		
TELEFONO	CIF	PROVINCIA

DATOS DA CONTA BANCARIA

DATOS DE LA CUENTA BANCARIA									
CÓDIGO BANCO			CÓDIGO SUCURSAL			DC		CÓDIGO DA CONTA	
NOME					ENDEREZO (RUA E NÚMERO)				
POBOACIÓN					PROVINCIA			CÓDIGO POSTAL	

DATOS DA SOLICITUDE

DATA DA SESIÓN PLENARIA EN QUE SE TOMOU O ACORDO DE SOLICITUDE	CANTIDADE SOLICITADA (75% DO TOTAL)
ORZAMENTO TOTAL DA CONTRATACION	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

De acordo co artigo 4, punto 2 da orde, xúntase a seguinte documentación:

- ☐ CERTIFICACIÓN RELATIVA AO ACORDO ADOPTADO POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO.
 - ☐ CERTIFICACIÓN QUE ACREDITE A CONSTITUCIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCAL.
 - ☐ ORZAMENTO DE GASTOS.
 - ☐ MEMORIA SOBRE O CADRO DE PERSOAL DO CORPO DE POLICÍA LOCAL.
 - ☐ Nº DE AUXILIARES QUE VAIA CONTRATAR E PERÍODO DE CONTRATACIÓN.
 - ☐ CERTIFICADO PADRÓN MUNICIPAL E MEMORIA CUANTIFICACIÓN AFLUENCIA TURÍSTICA.
 - ☐ MEMORIA SOBRE NÚMERO DE HABITANTES E NÚCLEOS DE POBOACIÓN ATENDIDOS.
 - ☐ DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS (ANEXO II).

TRAMITACIÓN TELEMÁTICA

OPCIÓN DE COMUNICACIÓN TELEMÁTICA ☐ SI ☐ NON

LEXISLACION APLICABLE

Orde do 21 de marzo de 2005 pola que se regula a concesión de axudas económicas aos concellos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán.

SINATURA DO SOLICITANTE

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
		DATA DE ENTRADA
RECIBIDO		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

ANEXO II
DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde/sa presidente/a do Concello de _____, solicitante da axuda da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local para a contratación temporal de auxiliares de policía local na tempada de verán; en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Axudas concedidas:

- ☐ Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
☐ Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda _____ Data da resolución ____/____/____

Axudas solicitadas:

- ☐ Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
☐ Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda _____ Data da solicitude ____/____/____

Lugar e data:

_____, ____ de _____ de _____

Sinatura e selo

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes desta consellería en réxime de oferta concertada durante a Campaña Verán-2005.

As instalacións xuvenís son un instrumento ao servizo dos mozos e a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado é consciente da precariedade e insuficiencia de medios e instalacións axeitadas de que dispoñen as asociacións xuvenís e demais entidades públicas e privadas que realizan actividades coa infancia e a xuventude. En consecuencia, co obxecto de facilitar o uso de instalacións axeitadas a estas entidades para a realización de actividades xuvenís no ámbito do lecer durante o verán deste ano, a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado pon a disposición destas e regula, a través desta orde e baixo a denominación de oferta concertada, o réxime de utilización das súas instalacións xuvenís durante a Campaña Verán-2005, que abrangue o período do 10 de xuño ao 30 de setembro.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado convoca esta oferta de uso das súas

instalacións xuvenís para a campaña de verán do ano que corre -que comprende do 10 de xuño ao 30 de setembro-, nos termos que se establecen nesta orde e de acordo coa distribución de prazas que se recolle no anexo I.

Artigo 2º.-Servizos ofertados.

O uso das instalacións ofertadas suporá dispoñer:

-Dos servizos de auga, gas, electricidade e alimentación en réxime de pensión completa.

-Do material (excepto o correspondente ás actividades específicas) que, no caso dos campamentos, comprende tamén as tendas de campaña, colchóns e mantas.

-Xerencia e persoal de servizo.

Artigo 3º.-Destinatarios.

Poderán solicitar o uso das instalacións de referencia:

1. As asociacións xuvenís, as entidades prestadoras de servizos á xuventude e as escolas de tempo libre, debidamente constituídas e legalizadas.

2. O Consello da Xuventude de Galicia e os consellos locais e municipais de xuventude.

3. Corporacións locais.

4. Outras entidades públicas ou privadas que realicen actividades coa xuventude.

Artigo 4º.-Solicitude.

As solicitudes, subscritas por persoa suficientemente acreditada, presentaranse conforme o modelo